

Falar de literatura e de libros no século XX francés é facelo de Gallimard. E tamén da *Nouvelle Revue Française*. Esta revista, fundada en 1908 por André Gide, Jean Schlumberger e Jacques Coupeau, promoveu unha editorial, Les Éditions de la NRF, cuxa dirección foi aceptada en 1911 por Gaston Gallimard, bo coñecedor do negocio editorial.

Apenas dous anos despois, os promotores da NRF tiñan que recoñecer que Gallimard era o propietario efectivo da publicación e, en consecuencia, da editorial filial. Porén, o comité literario cometeu ben axiña un enorme erro de intuición: rexeitou o manuscrito de *À la recherche du temps perdu*, de Marcel Proust, que finalmente foi editado por Grasset.

Desde entón a editorial estivo sempre nas mans da familia Gallimard, se ben houbo algún intre verdadeiramente crítico, como cando Mitterrand tivo que intervir desde a presidencia francesa para evitar que fose comprada por algún grupo estranxeiro.

Gaston Gallimard quixo que a súa editorial fose a primeira de Francia. E para iso adquiriu en 1933 a "Bibliothèque de la Pléiade", creada por Jacques Schiffrin, quen a dirixiu ata a Segunda Guerra Mundial. A colección comezara co primeiro volume das *Obras completas* de Charles Baudelaire.

Foi a partir de 1950, unha vez Francia se refixo do conflito bélico, cando esta colección pasou a ser a referencia para as edicións dos clásicos franceses e non franceses. Ser editado na *Pléiade* era acadar a inmortalidade literaria. As súas edicións críticas pasaron a formar o canon das letras do país veciño. Obras que no seu top ten acadaron tiraxes acadaron máis de trescentos mil exemplares (caso de Saint-Exupéry) ou os máis de seiscentos mil dos tres volumes de *À la recherche du temps perdu*. Alén, publica os seus *Album*, algún dos cales, como o de Balzac, xa se cotiza a seiscentos euros no mercado bibliófilo.

Outra das filiais de Gallimard –adquirida en 1958– é Mercure de France, publicación e editorial que ten as súas raíces no século XVII. Entre

nós, os catálogos de Mercure e da NRF foron o pasaporte para que Otero Pedrayo gañase sonda de

cosmopolita, se ben as máis das veces non pasaban diso, de catálogos, como ben analizou Nicole


Dicir Gallimard vén dicir, sen dúbida, "cultura francesa"



O actual director da editora, Antoine Gallimard.



Sede da editorial Gallimard na rúa do mesmo nome.



Gaston Gallimard (1881-1975).

100 Gallimard 100

Emblemas de Francia

JOAQUIM VENTURA

Seix Barral, a editorial barcelonesa, tamén anda de centenario. Porén este camiño non foi de rosas (se é que hai camiños doados para as editoriais). Fundada en 1911 como taller tipográfico por Victoriano Seix e os irmáns Carlos e Luís Barral, a súa condición innovadora permitiulle axiña editar libros. Durante a posguerra publicaron nela, con pseudónimo, algúns autores exilados.

Mais a revolución chegou cos herdeiros, cando en 1950 o mozo Carlos Barral como director literario e Víctor Seix nos números fixeron da editorial unha das referencias culturais españolas. Con eles publicaron Mario Vargas Llosa (*La ciudad y los perros*) ou Guillermo Cabrera Infante (*Tres*

tristes tigres), entre os latinoamericanos, e Juan Marsé (*Últimas tardes con Teresa*) ou Luis Martín-Santos (*Tiempo de silencio*) e Jaime Gil de Biedma entre os españois.

Morto Seix en 1967 e autoderro-

Lacruz e grazas ao seu olfacto literario, o selo do arqueiro ibérico (emasculado durante a ditadura) colleu novo pulo con Patrick Süskind, Susanna Tamaro, Camilo J. Cela, Julio Llamazares ou Antonio Muñoz Molina, entre outros.

E un dos grandes descubrimentos de Gimferrer, como asesor, foi Eduardo Mendoza, de quen recomendou *La verdad sobre el caso Savolta*, un dos primeiros exercicios de recuperación da memoria do que foi a Barcelona das pistolas.

A historia de Seix Barral é a historia dunha parte importante da literatura española sen as influencias do poder (malia a censura franquista) e sen renunciar á calidade. E desde Barcelona.

Unha marca sólida

tado Barral en 1970, a dirección pasou en breves etapas a Joan Ferraté, Josep Maria Carandell, Mario Muchnik e Pere Gimferrer, quen tivo que aceptar a oferta de Planeta para vender. Coa chegada de Mari

Dulin Bondue.

E se Gallimard é un dos perpiaños do patrimonio cultural francés, as autoridades correspondentes non lle deron de costas neste primeiro século. A Biblioteca Nacional Francesa dedicoulle desde marzo ata xullo unha exposición a amosar os arquivos da editorial: manuscritos, correspondencia, edicións orixinais. A propia editorial dedicou o número 596, do pasado febreiro, ao centenario e fixoo cunha enquisa a trinta escritores verbo dos mellores libros do século pasado.

Quizais o segredo desta traxectoria sexa que a propiedade sempre estivo en mans da familia Gallimard, editores por vocación. O actual editor, Antoine Gallimard, conseguiu conservar a independencia empresarial e a calidade nuns tempos nos cales as editoriais son obxecto de compravenda entre grandes grupos mediáticos por simples razóns financeiras.

Unha vocación, non exenta ás veces de operacións dubidosas cara aos xurados, que levou a que Gallimard gañase de feito a metade dos premios Goncourt. Pero Gallimard é un resistente cando a cultura francesa perdeu influencia polo mundo adiante. Proba do cal foi o peche, xa hai uns anos, da Librería Francesa, en Barcelona, ou a ausencia de celebracións en universidades, ateneos ou bibliotecas do centenario de Gallimard.

Pero se Gallimard é cultura de Francia, non podemos esquecer que un elemento básico da vida francesa foi a xendarmería: é dicir, a persecución do crime. E iso en literatura é, novela criminal ou *negra* e, en Gallimard, "Série Noire", encetada en 1944 coa chegada das novelas de Hammett e Chandler e coa posterior eclosión dos "polar". Unha colección que hai uns anos colleu nova forza e nova imaxe.

Nesa colección publicou o prolífico Georges Simenon, creador do comisario Maigret. En 1935 coñeceu a André Gide e este propúxolle incorporarse á editorial. Nela publicou diversas novelas, algunhad de xénero criminal: *Quartier nègre*, *L'assassin* ou *Le blanc à lunettes*. Outro xeito de editar clásicos.